

Un dos cambios máis significativos das persoas coa síndrome de Down é o aumento da súa esperanza de vida. Vivir moitos anos e envellecer ben vai ligado á planificación de servizos e actividades que sigan promovendo a autonomía e a prevención da dependencia.

Para tal fin, as entidades Down de Galicia crearon unha Comisión de Envellecemento que ten dado os seguintes pasos ata o momento actual:



As persoas coa síndrome de Down experimentan un proceso de envellecemento prematuro e acelerado, polo que a partir dos 40 anos comezan a presentar trazos típicos da poboación envellecida. Deste xeito, é preciso levar a cabo un exhaustivo control médico que teña en conta os problemas clínicos dende que son persoas adultas ata a etapa do envellecemento.

É necesario destacar que existe unha maior prevalenza da enfermidade de Alzheimer na poboación coa síndrome de Down. A través da realización de estudos *post mortem* comprobouse que case todas as persoas coa síndrome de Down de máis de 40 anos tiñan desenvolvidas características neuropatolóxicas propias desta enfermidade. Isto débese a que o par 21 está relacionado cos procesos de envellecemento e tamén coa produción da proteína beta-amiloide, que ao acumularse no cerebro dá lugar ás placas senís asociadas á enfermidade de Alzheimer. Por tanto, parece que ter máis material xenético no par 21 inflúe para que as persoas coa síndrome de Down envellezan antes de tempo, e tamén teñan máis probabilidade de desenvolver a enfermidade de Alzheimer.

MÁS INFORMACIÓN

- [Web Federación Down Galicia](#)
- Guía [“Aprendendo a envellecer”](#) · Down Galicia
- [“Programa español de saúde para persoas coa Síndrome de Down”](#) · Down España
- Vídeo [“O envellecemento das persoas coa Síndrome de Down”](#)
- Artigo [“Síndrome de Down e envellecemento: unha nova situación que afrontar”](#) · Revista Española de Discapacidad (REDIS)
- Guía [“Envellecemento e Síndrome de Down, unha guía de saúde e benestar”](#) · NDSS

